



COMUNICADO DEL OBISPO DE LUGO ANTE LA PROFANACIÓN DE LA EUCARISTÍA EN MELIDE

1. Como obispo de Lugo comunico a todos los diocesanos que ayer supe de una grave profanación del Santísimo Sacramento de la Eucaristía en la iglesia de Santa María de Campos y en la capilla del Carmen de Melide. En ellas han sido abiertos los Sagrarios y tiradas al suelo las Sagradas Formas, reservadas para la Adoración y para ser llevadas a los moribundos y los enfermos, y suponemos que robadas algunas de Ellas.
2. Con el deseo de reparar este acto sacrílego las comunidades de la unidad pastoral a la que pertenecen esas parroquias celebrarán en estos días actos de desagravio. Yo haré lo propio y convocaré para ello a los católicos de ese lugar.
3. Este hecho nos duele de una manera significativa. La Santísima Eucaristía es Jesucristo mismo, con su cuerpo, sangre, alma y divinidad. Por eso pido que se lleven a cabo actos de desagravio y de reparación en las parroquias de nuestra diócesis, tanto con la celebración de la Santa Misa como con la exposición prolongada del Santísimo Sacramento.
4. Este lastimoso acontecimiento nos permite recordar que el Señor nos ama hasta el extremo de quedarse realmente entre nosotros bajo las especies eucarísticas. El fundamento de nuestra paz está en esta certeza: Jesús, a pesar de todos los riesgos, mantiene su promesa y nos acompaña con un amor incondicional, mayor que el que nosotros nos tenemos a nosotros mismos. «En este admirable Sacramento se manifiesta el amor más grande, aquel que impulsa a dar la vida» (Benedicto XVI, *Sacramentum Caritatis*, 1).
5. Invito a los todos católicos a renovar nuestra fe y devoción en la presencia real de Cristo en la Eucaristía. «Nuestra manera de pensar armoniza con la Eucaristía, y a su vez la Eucaristía confirma nuestra manera de pensar» (San Ireneo de Lyon, *Adversus haereses* 4, 18, 5). La diócesis de Lugo está llamada a valorar y manifestar de manera singular nuestra adhesión a Jesús Eucaristía. «*Hoc hic mysterium firmiter profiteamur*» (Aquí, con fe firme, confesamos este misterio), hoy y siempre. ¡Alabado sea el Santísimo Sacramento del Altar!

Alfonso Carrasco Rouco, obispo

Lugo, 3 de diciembre de 2019,
memoria de San Francisco Javier



COMUNICADO DO BISPO DE LUGO ANTE A PROFANACIÓN DA EUCARISTÍA EN MELIDE

1. Como bispo de Lugo comunico a todos os diocesanos que onte souben dunha grave profanación do Santísimo Sacramento da Eucaristía na igrexa de Santa María de Campos e na capela do Carme de Melide. Nelas foron abertos os Sagrarios e tiradas ao chan as Sacras Formas, reservadas para a Adoración e para ser levadas aos moribundos e aos enfermos, e supoñemos que roubadas algunhas delas.
2. Co desexo de reparar este sacrilexio as comunidades da unidade pastoral á que pertencen esas parroquias celebrarán nestes días actos de desagravio. Eu farei o propio e nas próximas datas convocarei para elo aos católicos dese lugar.
3. Este feito dóenos dunha maneira significativa. A Santísima Eucaristía é Xesucristo mesmo, co seu corpo, sangue, alma e divindade. Por iso pido que se leven a cabo actos de desagravio e de reparación nas parroquias da nosa diocese, tanto coa celebración da Santa Misa como coa exposición prolongada do Santísimo Sacramento.
4. Este penoso acontecemento permítenos lembrar que o Señor nos ama ata o extremo de quedar realmente entre nós baixo as especies eucarísticas. O fundamento da nosa paz está nesta certeza: Xesús, a pesar de todos os riscos, mantén a súa promesa e acompáñanos cun amor incondicional, maior que o que nós nos temos a nós mesmos. «Neste admirable Sacramento maniféstase o amor máis grande, aquel que impulsa a dar a vida» (Bieito XVI, *Sacramentum Caritatis*, 1).
5. Invito a todos os católicos a renovar a nosa fe e devoción na presenza real de Cristo na Eucaristía. «A nosa maneira de pensar harmoniza coa Eucaristía, e á súa vez a Eucaristía confirma a nosa maneira de pensar» (San Ireneo de Lyon, *Adversus haereses* 4, 18, 5). A diocese de Lugo está chamada a valorar e seguir manifestando, de maneira singular, a nosa adhesión a Xesús Eucaristía. «*Hoc hic mysterium firmiter profiteamur*» (Aquí, con fe firme, confesamos este misterio), hoxe e sempre. Loado sexa o Santísimo Sacramento do Altar!

Alfonso Carrasco Rouco, bispo

Lugo, 3 de nadal de 2019,
memoria de San Francisco Xabier